



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (06/2025) ANONIMIZADA

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e vinte e sete minutos do día vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás trece horas. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 12 de febreiro de 2025
2. Aprobación dos padróns fiscais do SAF do mes de Xaneiro de 2025
3. Concesión de axuda de emerxencia social
4. Concesión de axuda ao fomento da natalidade
5. Adxudicación de contratos menores
6. Licencia de segregación de parcelas e agregación simultánea

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 12 de febreiro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE XANEIRO DE 2025

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico de referencia:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados pola Secretaria-Intervención a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes xaneiro de 2025, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º USUARIO	INICIAIS ÚLTIMO USUARIO	TOTAL USUARIOS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	38	DEPENDENCIA	2.841,82€
ALFI	VDL	21	LIBRE CONCORRENCIA	713,32€

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no BOP e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.-O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederá a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de marzo de 2025.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3. CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e a súa documentación anexa, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización previa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

limitada de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico 2025/S009/000001 do aplicativo Tedec e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2025/S009/000001

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social R.G., N.

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, D.^a Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización previa limitada favorable da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que a persoa solicitante achega todos os documentos necesarios e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 1 e 3.3 da OAESM) para gastos de transporte para acudir a unha cita médica ao Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, á persoa que responde ás iniciais R.G., N. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe 50 euros, co obxecto de cubrir o gasto do taxi. O aboamento da axuda será efectuado directamente ao taxi encargado do servizo, que emitirá o recibo ou factura correspondente ao Concello de Monfero.
- 2.- Imputar o gasto correspondente a aplicación do orzamento en vigor 231.48100
- 3.- Notificar este acordo á persoa interesada.
- 4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e da documentación acreditativa que achega, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico 2025/A003/000001 do aplicativo Tedec e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 20-01-2025, núm.20259000000021, que figura no expediente 2025/A003/000001, e a documentación que se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Ile achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm. 2025/A003/000001, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nacido/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: SMCM.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5. ADJUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, da oferta solicitada e recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico 2025/C002/000003 do aplicativo Tedec e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Número expediente:	2025/C002/000003
Tipo:	SERVIZOS
Obxecto:	ACTIVIDADE DEPORTIVA NA NEVE 2025 (segundo memoria que consta no expediente)
Código CPV:	92620000-3 Servizos relacionados cos deportes
Orzamento base licitación:	11.860,00 €
Aplicación orzamentaria:	341.22612
Prazo execución/entrega:	3,4,5 de marzo de 2025
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte e ocupación do tempo libre {art. 25.2.I) da Lei 7/1985}	
Financiamento:	Fondos municipais	
OFERTA	DEPORTE, FORMACIÓN Y ARROPAJE 3, S.L.	
IMPORTE	Importe: 9.800,83	Total 11.859,00

Logo de ver a oferta recibida e a documentación do expediente electrónico, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumento que constan no acordo da Xunta de goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e a urxencia de contratar o servizo coa rapidez necesaria para a realización da actividade nas datas programadas, por iso, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista indicado, o servizo que se especifica, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6. LICENCIA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS E AGREGACIÓN SIMULTÁNEA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-interventor dá conta do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, xunto co proxecto, informes e demais documentación del, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2020/U018/000003, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2020/U018/000003

Datos do interesado/a: D. FRS

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 202099900000273 de rexistro de entrada de data 18/11/2020 e documentación adicional, a última con número de rexistro de entrada 202599900000006 de data 14/01/2025

Lugar de realización: Espadana. Parroquia de Alto Xestoso. Concello de Monfero. A Coruña.

Descrición técnica: Recoñecemento, medición, segregación, permuta e agrupación en unidade de acto de varias fincas rústicas para reorganización da propiedade e xeración de representación gráfica alternativa (RGA) segundo INFORME nº 2021 redactado por D. BGP, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1865 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña.

Tendo en conta os **antecedentes** que son os seguintes:

Se solicita licenza municipal para a regularización de configuración das parcelas lindantes cos números que se indican a continuación, do polígono 100, no lugar de Espadana, parroquia do Alto de Xestoso, deste termo municipal, propiedade de D. CST, D. ASM, D. FRS, D^a MJRS e D^a MCSS coas seguintes referencias catastrais:

Propiedade de D. CST:

PARCELA A: Labradío chamado “Cortiña” de corenta áreas e trinta centiáreas. (4030m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005270000TW, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (3979 m²). Superficie determinada segundo medición. Advírtese unha diferenza de superficie con respecto á sinalada en catastro de 51 m² (1,28% respecto da superficie catastral).

PARCELA B: Pasto chamado “Leirón”, de corenta e seis áreas sesenta e oito centiáreas. (4668m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100002190000TF, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (4668 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA C: Pasto chamado “Carreiro do Muíño” de vinte e sete áreas setenta e oito centiáreas. (2768m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100002270000TD, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (2.778 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PARCELA D: Pasto chamado “Melchora” de setenta e dúas áreas seis centiáreas. (7.206m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005360000TP, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (7.206 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA E: Pasto chamado “Melchora” de cinco áreas corenta e dúas centiáreas. (542m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005370000TL, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (542 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA F: Pasto chamado “Requeixo Cal” de vinte e tres áreas sesenta e cinco centiáreas. (2.365m²).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005300000TW, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (2.365m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA G: Pasto chamado “Xesteira Regadío” de dezaioito áreas corenta e catro centiáreas (1.844m²).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100012930000TO, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (1.844m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA H: Pasto chamado “A Picha” de seis áreas oitenta centiáreas. (680m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100001170000TG, superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (680 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA I: Pasto chamado “A Picha” de trinta e un áreas e quince centiáreas. (3.115m²).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100001110000TU, superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (3.115 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Propiedade de D. ASM

PARCELA J: Pasto chamado “Campo” de sete áreas corenta e tres centiáreas. (743m²).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100000970000TO, superficie catastral ao abeiro da Sede electrónica de catastro (743m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Propiedade de D^a MCSS, D^a MJRS e D. FRS por herdanza

PARCELA K: Terreo a prado ao sitio nomeado “do Cal da Chaeira”, de cincuenta e dous áreas e tres centiáreas. (5203 m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005260000TH, superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (5.253 m²). Superficie determinada segundo medición. Advírtese unha diferenza de superficie con respecto á sinalada en catastro de 50 m² (unha porcentaxe do 1%)

PARCELA L: Pasto chamado “Xena” de dez áreas noventa e catro centiáreas (1094m²).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100002130000TY, superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (1.094 m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA M: Pasto chamado “Coítico” de trinta e sete áreas corenta e sete centiáreas.(3.747m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100002260000TR. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (3.747m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA N: Pasto chamado “Melchora” de vinte áreas trinta e unha centiáreas. (2.031m²)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100002290000TI. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (2.031m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PARCELA O: Pasto chamado "O regadío" de quince áreas corenta e catro centiáreas. (1.544m²)
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100012920000TM. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (1.544m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA P: Labradío chamado "A Picha" de trinta e unha áreas e trece centiáreas. (3.113m²)
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100001140000TA superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (3.113m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA Q: Pasto chamado "Campo" de dezanove áreas trinta e sete centiáreas. (1.937m²)
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100000960000TM. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (1.937m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA R: Pasto chamado "Campo" de trinta e sete áreas trinta e dúas centiáreas. (3.732m²)
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100000980000TK. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (3.732m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Propiedade de D^a. MCSS

PARCELA S: Pasto chamado "Rego agua" de nove áreas doce centiáreas. (972m²)
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100001060000TS. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (972m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

PARCELA T: Pasto chamado "Leira Cal" de dezasete áreas cinco centiáreas. (1.705m²).
REFERENCIA CATASTRAL: 15051A100005310000TA. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (1.705m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

Propiedade de D^a. MCSS, D^a. MJRS e D. FRS por herdanza, e de D^a. MCSS por compra de dereitos hereditarios

PARCELA U: Casa nº 6 do Lugar de A Espadana, que consta de planta baixa e alta cunha superficie construída en planta baixa de 54m² e de 165 m², e unha superficie total construída de 219m².

REFERENCIA CATASTRAL: 001800100NJ80D0001HA. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (219m²). A superficie tómase ao abeiro da catastral.

As fincas atópase intercaladas entre si, e os requirentes pretenden reorganizar a propiedade mediante a segregación, permuta e posterior agrupación en unidade de acto de forma que se consegue unha redución do número de fincas e unha xeometría das mesmas máis funcional, resultando un total de 5 parcelas.

Considerando que:

1.- As operacións de agregacións parcelarias non precisan de licenza municipal, pero as segregacións están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.f da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.- Os actos solicitados serían autorizables ao abeiro do artigo 367 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e segundo o establecido no art. 149 da citada Lei, que permiten as segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Do proxecto achegado enténdese que entre as parcelas non resulta un maior número de lotes respecto das orixinariamente existentes e que se trata dunha reorganización parcelaria.

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual das parcelas sobre as que pretende realizarse a segregación e agrupación en unidade de acto é a de solo rústico de protección ordinaria e solo rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais naquelas parcelas que se atopan dentro do Parque natural das Fragas do Eume. As que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é o que segue:

PARCELA A: (4030m²) 15051A100005270000TW. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA B: (4668m²) 15051A100002190000TF. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA C: (2778m²) 15051A100002270000TD. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA D: (7.206m²) 15051A100005360000TP. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA E: (542m²) 15051A100005370000TL, Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA F: (2.365m²) 15051A100005300000TW, Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA G: (1.844m²) 15051A100012930000TO. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA H: (680m²) 15051A100001170000TG. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA I: (3.115 m²) 15051A100001110000TU, Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA J: (743m²) 15051A100000970000TO, Solo Rústico de protección ordinaria.

PARCELA K: (5203 m²) 15051A100005260000TH, Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais. superficie catastral ao abeiro da sede electrónica de catastro. (5.253 m²). Superficie determinada segundo medición. Advírtese unha diferenza de superficie con respecto á sinalada en catastro de 50 m² (unha porcentaxe do 1%)

PARCELA L: (1.094 m²) 15051A100002130000TY, Solo de núcleo rural tipoloxía histórico tradicional.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PARCELA M: (3.747Mm2) 15051A100002260000TR. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA N: (2.031m2) 15051A100002290000TI. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA O:(1.544m2) 15051A100012920000TM. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA P: (3.113m2) 15051A100001140000TA Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA Q: (1.937m2) 15051A100000960000TM. Solo Rústico de protección ordinaria.

PARCELA R: (3.732m2) 15051A100000980000TK. Solo Rústico de protección ordinaria.

PARCELA S: 972m2) 15051A100001060000TS. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA T: 1.705m2).15051A100005310000TA. Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais.

PARCELA U: Casa nº 6 do Lugar de A Espadana, que consta de planta baixa e alta cunha superficie construída en planta baixa de 54m2 e de 165 m², e unha superficie total construída de 219m². 001800100NJ80D0001HA. Solo de núcleo rural tipoloxía histórico tradicional.

5.- Dado que se afecta a parcelas con clasificación urbanística de Solo Rústico especialmente protexido de protección de espazos naturais ao atoparse dentro da área delimitada pertencente ao Parque Natural das Fragas do Eume foi preciso obter autorización ou informe positivo do Organismo sectorial que teña a competencia sectorial de dito Parque.

Consta informe positivo da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ref: 0096-2023) indicando que a actividade solicitada non implica cambio nos usos e non se atopa nas actividades prohibidas recollidas no PRUX

6.- Consta no expediente informe técnico favorable, do técnico contratado para o efecto, de data 08/02/2025 e informe xurídico de data 19/02/2025.

Unha vez examinada a solicitude e logo de ver o informe do técnico municipal favorable á concesión da licenza que se solicita por axustarse o proxecto ás condicións urbanísticas aplicables e á normativa vixente, cumprindo co indicado no art. 149 da vixente Lei 2/2016, do Solo de Galicia, posto que se trata dunha segregación e simultánea agregación en unidade de acto coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes e non resultan un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente existente, propóñolle á Xunta de Goberno Local, en harmonía co devandito informe, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Conceder a licenza de segregación solicitada para a regularización da configuración de parcelas, condicionada ás operacións de cesión e agregación simultánea plantexadas no Proxecto de segregación e agregación simultánea e planos presentados, redactado por D. BGP, Enxeñeiro técnico agrícola, e que consiste en:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Primeiro: Don CTS, segrega 52 centiáreas da parcela 527 chamada Cortiña, que pasamos a denominar "Segregada Cortiña". Así mesmo, da e cede por permuta a Dona MCSS, Dona MJRS e Don FRS a finca denominada "Segregada Cortiña" e as fincas "Requeixo Cal", "Xesteira Regadío", "Picha" e "Picha", (PARCELAS F,G, H, I)

Segundo: Dona MCSS, Dona MJRS e Don FRS, segregan quince áreas e corenta e nove centiáreas da parcela 526 chamada Cal da Chaeira, que pasamos a denominar "Segregada Cal da Chaeira", e así mesmo dan e ceden a Don C as fincas "Xena", "Melchora", "Coitico" (PARCELAS L, M, N) e a parte segregada do Cal da Chaeira".

Terceiro: Don ASM da e cede por permuta a Dona MCSS a finca "Campo" (PARCELA J) y está da e cede a Don AS a finca "Rego agua" (PARCELA S).

Logo de realizar as operacións anteriores de segregación e cesión por permuta, procédese ás agrupacións que dan coma resultado as parcelas que se describen como segue:

Primeiro.- Dona MCSS, Dona MJRS e Don FRS, AGRUPAN, por ser colindantes entre si, as fincas "Picha", "Picha" e "A Picha" (PARCELAS H,I, P) e "Casa nº 6 da Espadana" (PARCELA U), (**Agrupación 1**), formando unha única parcela de setenta áreas noventa e seis centiáreas

Segundo.- Dona MCSS, Dona MJRS e Don FRS, AGRUPAN, por ser colindantes entre si, as fincas "Segregada Cortiña", "Requeixo Cal", "Xesteira Regadío", "O Regadío", "Leira Cal" e "Matriz do Cal da Chaeira" (PARCELAS A, F, G, O, T, K) (**Agrupación 2**), formando unha única parcela dunha hectárea once áreas sesenta e tres centiáreas

Terceiro.- Don CST AGRUPA, por ser colindantes entre si, as fincas "Matriz Cortiña", "Segregada Cal da Chaeira", "Melchora", "Melchora", "Melchora" y "Carreiro do Muíño" (PARCELAS A, K, C,D,E,N) (**Agrupación 3**) formando unha única parcela dunha hectárea oitenta áreas oitenta e tres centiáreas

Cuarto.- Don CST AGRUPA, por ser colindantes entre si, as fincas "Leirón" y "Coitico" (PARCELAS B, M) (**Agrupación 4**) formando unha única parcela de oitenta e catro áreas catorce centiáreas.

Quinto.- Dona MCSS, Dona MJRS e Don FRS, AGRUPAN, por ser colindantes entre si, as fincas "Campo", "Campo" y "Campo" (PARCELAS J, Q, R) (**Agrupación 5**) formando unha única parcela e sesenta e catro áreas doce centiáreas.

2º.- Condicionar a concesión da citada licencia ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2º.1.- Deberá xustificarse ante o Concello, no prazo máximo dun mes, a presentación ante a Dirección Xeral do Catastro de A Coruña, a regularización das fincas de nova segregación. No caso de que por causa xustificada non se poda cumprir o prazo dun mes exposto, o interesado poderá solicitar prórroga motivada, ata un máximo de tres meses, que será, no seu caso, concedida pola Xunta de Goberno Local.

2º.2.- Deberá achegar ao Concello a corrección catastral definitiva.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta e efectuar a publicación da acta no taboleiro de anuncios electrónico do Concello anonimizada, substituíndo os nomes polas súas iniciais, para garantir a protección de datos e preservar a confidencialidade por non resultar absolutamente imprescindible para o fin que se pretende coa publicación.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e corenta e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífico.

O Alcalde en funcións

O Secretario